# NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA. CURSO 2020/2021

**A Biblioteca Agustín Fernández Paz do IES do Barral cambia as súas normas de funcionamento adecuándose ao** ***Protocolo de adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de Enseñanza non Universitaria de Galicia para o curso 2020-2021***. A continuación, desenvolvemos un protocolo inicial que poderá ser mellorado:

- ✓ A Biblioteca ten un aforo máximo de 3 persoas e soamente vai ser empregada como un espazo de préstamo e devolución de libros.
- ✓ O préstamo de libros ten dúas fases:

  **1º. Reserva do libro a través da Aula Virtual.** O alumnado de 1º e 2º da ESO entrará na aula virtual cos datos proporcionados polos titores. O alumnado dende 3ª de ESO ata 2º de Bacharelato , FPBásica e o profesorado accederá á Aula Virtual co seu usuario e contrasinal persoal. Entre os seus cursos, premerá na etiqueta "Reserva de libros", alí deberá cubrir esta enquisa e enviala:

  


  2º. **Recollida do libro.** Terá lugar nos recreos de martes e xoves pola fiestra situada no corredor da biblioteca. O alumnado deberá ser puntual na recollida dos libros pois o tempo de préstamo rexistrarase o día de recollida máis próximo a súa petición.

- ✓ **Devolución do libro.** As devolucións faranse nunha caixa colocada na entrada do corredor da biblioteca e o alumno/a non terá que facer máis nada que depositalo nel. Será ao día seguinte, cando o/a encargado/a da biblioteca terá que rexistrar a devolución e colocalo.

IES DO BARRAL

# NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA. CURSO 2020/2021

- ✓ O catálogo de libros da biblioteca atópase no blog da mesma: http://biblioiesponteareas.blogspot.com/. Una vez no blog, preme na seguinte pestana:




A pesar do reto que supón a nova normalidade, pretendemos que a biblioteca continúe a ser un espazo de referencia para a lectura, a información e as aprendizaxes, beneficiando así a toda a comunidade educativa e ofrecendo oportunidades diversas de acceso e información relevante.

IES DO BARRAL